



Concello de Vigo
Xerencia de Urbanismo

Praza do Rei, s/n
36202, Vigo
Tel.: 986 810 100
Fax: 986 224 780

EXP. 1806/433

ASUNTO: suspensión da mesa de contratación do mes de xullo (ofertas presentadas en xuño de 2015)

O prego de condicións económico-administrativas (PCEA) que rexen o procedemento para o alleamento por poxa pública á alza en sobre pechado das vivendas municipais da rúa República Argentina declaradas desertas na poxa pública precedente, prevé que a Mesa de contratación terá na súa composición a membros do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en representación dos distintos grupos políticos municipais, designados de forma expresa en atención aos existentes no momento de formulación do PCEA.

Logo da constitución da nova corporación do Concello de Vigo, instituída o 13.06.2015 coa composición resultante das eleccións municipais celebradas o pasado 24.05.2015, procede que polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo se redefina a composición da mesa de contratación en resposta á nova composición política da corporación municipal.

En consecuencia, até en tanto se definan eses aspectos orgánicos, procede suspender a celebración da Mesa de contratación.

«DECRETO

Primeiro.- En atención ao disposto no parágrafo cuarto da Cláusula 10.1 do prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento para o alleamento por poxa pública á alza en sobre pechado das vivendas municipais da rúa República Argentina (exp. 1806/433), dispoño a suspensión da sesión da Mesa de contratación convocada xenericamente para as 11:00 horas do primeiro venres do mes de xullo (03.07.2015), que se convocará expresamente por Decreto da súa Presidencia para a data máis próxima posible, logo da celebración da sesión do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en que se redefina a composición da Mesa de contratación.

Segundo.- Ordenar a publicación do presente Decreto no Perfil do Contratante, para público coñecemento.»

MGC

Vigo, 30 de xuño de 2015.

O ALCALDE-PRESIDENTE DA XMU

Abel Caballero Álvarez



O SECRETARIO DA XMU

José Riesgo Boluda